

ACTA Nº 36/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 6 DE SETEMBRO 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.
D. Arturo González Pérez.
D. Daniel Rodas Chapela
D. Victor Pastopriza Lino
Dona Libertad Cruz Couso

Secretario accidental D. José Rodríguez Veloso

Na casa do Concello de Moaña, o 6 de setembro de 2010, reúnen-se as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Non se traen borradores de actas para a súa aprobación.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia das persoas interesadas que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder as licenzas de obra, que serán efectivas, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circunscrición aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

2.A) EXPTE. 151/10 – D.^a MARÍA EUGENIA MERA RODRÍGUEZ, presenta estudo técnico para conservación de cuberta e saneamento de fachadas en vivenda unifamiliar existente, sita no barrio de Vilela, 71 – Tirán, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado o 26.08.10.

Dáse conta do informe do arquitecto técnico municipal do día 6 de setembro de 2010, que literalmente di:

Asunto: Estudo técnico para a conservación de cuberta e saneamento de fachadas

Informe: **Procede informar favorablemente o expediente.**

O proxecto de estudo técnico para conservación de cuberta e saneamento de fachadas, está redactado polo Arquitecto Técnico D. José Buceta Amoedo, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Pontevedra o día 26 de agosto de 2010. Presenta a seguinte documentación.

- Memoria descriptiva.
- Memoria construtiva.
- Xustificación urbanística sobre o cumprimento do establecido nas NN.SS municipais.
- Plan de Xestión de residuos
- Estudo básico de seguridade e saúde.
- Medicións e presuposto
- Documentación gráfica.
- Prego de condicións
- Presenta cuestionario de estatística de construción de edificios.
- Presenta Oficio de Dirección de Obra asinado polo arquitecto técnico, D. José Buceta Amoedo, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 26 de agosto de 2010.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	172,20 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel	110,00 €

2.B) EXPTE. 154/10 – D. FERNANDO PÉREZ CARBALLO presenta proxecto de construción de muro de contención de terras de 24,40 m.l. por 2,00 m de alto para cerramento de finca, lindante con vía pública, no barrio da Marrúa, 23, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado na data 31.08.2010.

Dáse conta do informe do arquitecto técnico municipal do día 30 de agosto de 2010, que literalmente di:

Asunto: Proxecto de construción de muro de contención

Informe: **Procede informar favorablemente o expediente.** O recuamento á vía pública será de 4,900 mts. dende o eixo. Previo á execución da obra deberá sinalar o replanteo o Inspector de obras municipal.

O proxecto de construción de muro de contención está redactado polo Arquitecto Técnico D. José Ponce Yáñez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Pontevedra o día 31 de agosto de 2010. Presenta a seguinte documentación.

- Memoria descriptiva.
- Memoria construtiva.
- Xustificación urbanística sobre o cumprimento do establecido nas NN.SS municipais.
- Memoria de cálculo
- Normativa de obrigado cumprimento
- Estudo de xestión de residuos
- Plan de control de calidade
- Estudo básico de seguridade e saúde.
- Documentación gráfica.
- Prego de condicións

- Medicións e presuposto
- Presenta Oficio de Dirección de Obra asinado polo arquitecto técnico, D. José Ponce Yáñez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 31 de agosto de 2010.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	115,23 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel	110,00 €

2.C) EXPTE. 126/09 – A *Junta de Compensación UE Residencial Golf Domaio* presenta proxecto de Centro de Transformación para Estación de Bombeo (Cota 90), a situar no barrio de Palmás, s/n, redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Manuel Murias Romero, visado na data 30.04.2009.

Detectadas deficiencias polo arquitecto municipal, remitiuselles informe de emendas e melloras necesarias. Presentaron un anexo ao proxecto que foi informado desfavorablemente polo arquitecto municipal o día 26.11.09.

A xunta de compensación, por escrito do 6 de xullo de 2010, presenta anexo 2 ao proxecto presentado, redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Manuel Murias Romero, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Ourense o 1 de xullo de 2010

Visto o informe emitido pola asistencia técnica municipal de data 31 de agosto de 2010, que di:

Antecedentes

En data 26 de novembro de 2009 emítese informe desfavorable o Anexo nº 1 para Centro de Transformación para estación de bombeo cota 90 en urbanización Golf-Domaio SAU A7, solicitándosele completar a documentación aportada.

En data 6 de xullo de 2010 con nº de entrada 5533, preséntase por parte do representante da xunta de compensación Golf-Domaio, Anexo nº 2 o proxecto de Centro de Transformación para estación de bombeo cota 90 en urbanización Residencial Golf-Domaio SAU A7.

CONSIDERACIÓNS

1.- A documentación aportada inclúe a memoria urbanística xustificativa e os planos recollen os aspectos solicitados sobre superficie, retirados e situación de instalacións así como detalles de zanzas.

2.- A documentación xustifica axeitadamente os aspectos da normativa de aplicación.

Por todo iso,

Dende o meu leal saber e entender e despois de estudadas as consideracións anteriores pódese deducir a seguinte

CONCLUSIÓN

Infórmase FAVORABLEMENTE a documentación aportada no anexo nº 2 considerándose suficiente para obtención de licenza municipal para infraestruturas, **debendo obter aqueles informes sectoriais das administracións que contén con competencias.**

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	542,03 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza municipal para a infraestrutura solicitada, con circia subxección aos condicionamentos establecidos no informe, e **tras o pagamento das taxas correspondentes.**

2.D) EXPTE. 124/09 – A *Junta de Compensación UE Residencial Golf Domaio* presenta proxecto de Centro de Transformación para Estación de Bombeo (Cota 250), a situar no barrio de Carballido, s/n, redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Manuel Murias Romero, visado na data 30.04.2009.

Detectadas deficiencias polo arquitecto municipal, remitiuselles informe de emendas e melloras necesarias. Presentaron un anexo ao proxecto que foi informado desfavorablemente polo arquitecto municipal o día 26.11.09.

A xunta de compensación, por escrito do 6 de xullo de 2010, presenta anexo 2 ao proxecto presentado, redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Manuel Murias Romero, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Ourense o 1 de xullo de 2010

Visto o informe emitido pola asistencia técnica municipal de data 31 de agosto de 2010, que di:

Antecedentes

En data 26 de novembro de 2009 emítese informe desfavorable o Anexo nº 1 para Centro de Transformación para estación de bombeo cota 250 en urbanización Golf-Domaio SAU A7, solicitándosele completar a documentación aportada.

En data 6 de xullo de 2010 con nº de entrada 5535, preséntase por parte do representante da xunta de compensación Golf-Domaio, Anexo nº 2 o proxecto de Centro de Transformación para estación de bombeo cota 250 en urbanización Residencial Golf-Domaio SAU A7.

CONSIDERACIÓNS

1.- A documentación aportada inclúe a memoria urbanística xustificativa e os planos recollen os aspectos solicitados sobre superficie, retirados e situación de instalacións así como detalles de zanzas.

2.- Achégase a partida de orzamento solicitada en informe previo

3.- A documentación xustifica axeitadamente os aspectos da normativa de aplicación.

Por todo iso,

Dende o meu leal saber e entender e despois de estudadas as consideracións anteriores pódese deducir a seguinte

CONCLUSIÓN

Infórmase FAVORABLEMENTE a documentación aportada no anexo nº 2 considerándose suficiente para obtención de licenza municipal para infraestrutura, **debendo obter aqueles informes sectoriais das administracións que contén con competencias.**

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	767,21 €
Taxas licenza urbanística	68,50 €

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza municipal para a infraestrutura solicitada, con circia subxección aos condicionamentos establecidos no informe, e **tras o pagamento das taxas correspondentes.**

2.E) EXPTE. 125/09 – A *Xunta de Compensación UE Residencial Golf Domaio* presenta proxecto de abastecemento da urbanización do Campo de Golf de Domaio, sito no barrio de San Lourenzo-Domaio, redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Manuel Murias Romero, visado na data 30.04.2009.

Detectadas deficiencias polo arquitecto municipal, remitiuselles informe de emendas e melloras necesarias. Presentaron dous anexos ao proxecto que foron informados desfavorablemente polo arquitecto municipal os días 26.11.09 .

A xunta de compensación, por escrito do 6 de xullo de 2010, presenta anexo 2 ao proxecto presentado, que posteriormente anulan polo anexo nº 3 que presentan o 23 de agosto de 2010, redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Manuel Murias Romero, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Ourense o 20 de agosto de 2010

Visto o informe emitido pola asistencia técnica municipal de data 31 de agosto de 2010, que di:

Antecedentes

En data 26 de novembro de 2009 emítese informe desfavorable o Anexo nº 1 para Centro de Transformación para estación de bombeo cota 90 en urbanización Golf-Domaio SAU A7, solicitándosele completar a documentación aportada.

En data 6 de xullo de 2010 con nº de entrada 5534, preséntase por parte do representante da xunta de compensación Golf-Domaio, Anexo nº 2 o proxecto de Abastecemento de urbanización Residencial Golf-Domaio SAU A7.

En data 23 de agosto de 2010 con nº de entrada 6755, preséntase por parte do representante da xunta de compensación Golf-Domaio, Anexo nº 3 o proxecto de Abastecemento de urbanización Residencial Golf-Domaio SAU A7, anulando o anexo nº 2.

CONSIDERACIÓNS

1.- A documentación aportada inclúe a memoria urbanística xustificativa e os planos recollen os aspectos solicitados sobre superficie, retirados e situación de instalacións así como detalles de zanzas.

2.- A documentación xustifica axeitadamente os aspectos da normativa de aplicación.

Por todo iso,

Dende o meu leal saber e entender e despois de estudadas as consideracións anteriores pódese deducir a seguinte

CONCLUSIÓN

Infórmase FAVORABLEMENTE a documentación aportada no anexo nº 3 considerándose suficiente para obtención de licenza municipal para infraestrutura, **debendo obter aqueles informes sectoriais das administracións que contén con competencias.**

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 3.674,12 €
Taxas licenza urbanística 328,05 €

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza municipal para a infraestrutura solicitada, con circia subxección aos condicionamentos establecidos no informe, e **tras o pagamento das taxas correspondentes.**

3.- OBRAS MENORES

Visto o expediente instruído a instancia da persoa que de seguido se relaciona e examinado o informes do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra menor solicitada, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

- **EXPTE. 152/10 – D. MARCOS MARTÍNEZ CURRÁS** presenta croquis para a construción de plataforma de formigón impreso e muro de cerramento a lindantes, situado en Moureira nº 232, Meira. Cerramento a lindantes: 23,00 m x 2,00 m alto; plataforma de 7,00 x 9,00 m. Orzamento: 900 €.

Dáse conta do informe do arquitecto técnico municipal do día 3 de setembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: Construción de plataforma de formigón impreso e peche

INFORME: **Procede informar favorablemente o expediente. Altura máxima permitida do peche, dous metros con material opaco.**

Documentación.

- Memoria descritiva.
- Presuposto e medicións.
- Documentación gráfica.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 26,88 €
Taxas licenza urbanística 65,00 €

4.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACION

D. Domingo Araujo Rodriguez, Administrador de la Entidad Mercantil PROMOCIONES A DA CHAVE S.L. con CIF N° B32272449, manifesta no seu escrito que rematado o edificio sito en R. Cabanillas 118, solicita licenza de primeira ocupación, para o cal compañía a documentación esixida.

Dáse conta do informe do arquitecto técnico do Concello, que literalmente di:

N° de expediente: 105/06, solicitude núm. 6779 do 24 de agosto de 2006.

Departamento: **Urbanismo.**

Asunto: **Solicitud de Licenza de primeira ocupación.**

Emprazamento: **Avda. Ramón Cabanillas, nº 118.**

Promotor: **PROMOCIONES A DA CHAVE S.L., C.I.F. B-32272449**

Representada por D. Domingo Araujo Rodríguez

Informe:

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

Copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción, xustificantes do pago das taxas polos conceptos de conexión de sumidoiros,

Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Cristobal Juncal Ríos, o día 25 de xunio de 2010, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 02 de agosto de 2010; asinado polo Arquitecto D. Rafael Nogueiras Mascarenhas o día o día 25 de xunio de 2010, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 13 de agosto de 2010,

Fotografías do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada,

Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

Certificado do cumprimento de Normativa Acústica.

Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.

Moaña, 03 de agosto de 2010

Arquitecto técnico do Concello de Moaña

Asdo. José Manuel Carballo Moldes

Liquidación provisionaria de tributos

Licenza de primeira ocupación:

18 vivendas.....	1.710,00 €
Baixo e 2 sotaños	1.275,22 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder licenza de primeira ocupación para edificio de dous sótanos, baixo e 3 plantas para 18 vivendas que corresponde o expediente de licenza nº 105/06, a nome de ADACHAVE, S.L.

5.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

EXPTE. 295/08 – XUNTA DE COMPENSACIÓN U.E. RESIDENCIAL GOLF-DOMAIO

O representante da Xunta de Compensación Residencial Golf Domaio, por escrito do 28 de xullo de 2010, expón que o expediente de proxecto de Urbanización Residencial “Golf-Domaio” conta co plano nº 3 no que se grafía a ubicación do depósito de auga da zona, o cal linda co vial que une as zonas A e P. Achega dito plano e indica que o que

nel se modifica é a localización do citado depósito de auga así como o trazado do vial de A-P na zona do depósito. Solicita que sexa incorporado ao expediente o plano que se achega e que se informe sobre a posibilidade de realizar as modificacións que contén.

Visto o informe do 31 de agosto de 2010 da asistencia técnica municipal, que di:

Antecedentes

En data 28 de xullo de 2010, preséntase por parte do representante da Xunta de Compensación Golf-Domaio, documentación gráfica de documentación complementaria ao proxecto reformado de urbanización do Residencial Golf-Domaio, plano nº 3.

CONSIDERACIÓNS

- 1.- Entre os sectores A e P sitúase o depósito de auga modificando a súa situación relativa á vía, pasando a estar o Norte da mesma.
- 2.- O vial sitúase dentro do ámbito delimitado polo Plan Parcial inicial.
- 3.- As modificacións pretendidas non afectan substancialmente aos viais, por variar unicamente o trazado nunha das curvas, permitindo a localización do depósito de abastecemento, non afectando a zonas verdes xa que o trazado pasa a ocupar terreos de resto de viais, que non foron computados como zona verde de reserva no seu día, por non cumprir co diámetro mínimo inscribible.
- 4.- O vial debe respectar as condicións de sección e accesibilidade que posuía para o tráfico e os peóns.
- 5.- O depósito deberá en todo caso respectar as condicións de adaptación ao entorno, tratando de minimizar o impacto no mesmo.

Por todo isto,

Dende o meu leal saber e entender e despois de estudadas as consideracións anteriores pódese deducir as seguintes

CONCLUSIÓNS

Infórmanse favorablemente as modificacións de deseño propostas unha vez que non supoñen unha modificacións urbanística substancial, ao non afectar a calificación dos terreos as dimensións da vía e o carácter do tráfico de vehículos proposto. Por outra parte, a situación do depósito de auga en terreos de restos de vías é compatible co uso de infraestrutura.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a modificación de deseño proposta no plano nº 3 do proxecto reformado de urbanización da área apta para a urbanización Residencial Golf Domaio, presentado o 28 de xullo de 2010, e visado polo COAG o día 27.07.10.

6.- SOLICITUDE DE ANTICIPO REINTEGRABLE

D. Carlos Loureiro Fervenza, funcionario do Concello, solicita un anticipo reintegrable de dúas mensualidades a devolver en 14. Ademais achega un documento polo que, no caso de que llo concedan e de que se extingue a súa relación co Concello, autoriza a que lle deduzan os haberes pendentes da liquidación.

Visto o informe do Departamento de Persoal no que recolle que o traballador non ten ningún anticipo reintegrable concedido nin pendente de pago,

Visto o acordo regulador das condicións de traballo, salario e regulamento de réxime interno e funcionamento do persoal funcionario ao servizo do Concello de Moaña,

Visto que o comité de persoal dá o seu visto e praxe á solicitude,

Visto o informe favorable do interventor accidental do 6 de setembro de 2010 á concesión dun anticipo por importe de 1.627,65 euros a devolver en 14 mensualidades con cargo á partida 9200 83090,

Vista a proposta do delegado de persoal para a aprobación do concesión do anticipo solicitado,

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a D. Carlos Loureiro Ferverza o anticipo solicitado de 1.627,65 euros, reintegrables en 14 mensualidades, con cargo á partida 9200 83090.

7.- AMPLIACION GASTO A XUSTIFICAR:

Dase conta do informe emitido pola Intervención Municipal:

A Xunta de Goberno local en data 29 de xuño de 2010, aprobou un gasto a xustificar a favor de Daniel Rodas Chapela por importe de 1558,87 euros, en concepto de pagamento dos dereitos de acometida eléctrica para o canil municipal.

Ao non ter executado este gasto antes do primeiro do mes de xullo, e como queira que o tipo impositivo de IVE incrementouse ata o 18% existe unha diferenza de 26,85 euros, entre o orzamento aprobado e os dereitos a pagar no momento de acometer a conexión eléctrica.

Examinada a contabilidade municipal, pódese comprobar que existe crédito suficiente para acometer esta ampliación do gastos con cargo a partida orzamentaria 3130 61104, denominada “Dotación alumeadado público refuxio animais –Soc. Protec.Animais”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar esta ampliación de gasto a favor de Daniel Rodas Chapela con cargo a dita partida.

8.- AMPLIACION CONTRATO DE RENTING DO VEHICULO DA POLICIA LOCAL

Visto o informe emitido pola policía local indicando o remate do contrato de renting do vehículo peugeot 307 o seu servizo, feito por tres anos, e dado que a tramitación dun novo contrato de renting e posta a disposición dun novo vehículo, prolongarase aínda máis de tres meses, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros asistentes, acorda:

Prorogar o contrato de rentig mantido coa Empresa Monforte S.A. do vehículo peugeot 307, matrícula 2354 FVF, dende o 1º de Setembro o 30 de Novembro do 2.010, nas mesmas condicións actuais, 962,30 euros de cuota mensual, IVA actual incluído,

aprobando o total do gasto (2.886,90 €) con cargo a partida 1320 20400 do vixente presuposto

9.- ADXUDICACION PROVISIONAL EXPEDIENTE DE CONTRATACION POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DO SUBMINISTRO DUN VEHICULO POLO SISTEMA DE RENTING PARA A POLICIA LOCAL

Dase conta da certificación expedida polo Secretario Accidental que literalmente di: “Que con data 11 de Agosto de 2010 foron enviadas invitacións a:

TALLERES VEIGA

IBERICAR SALFER S.L.

BBVA

EMPRESA MONFORTE S.A.

BANCO DE SANTANDER

Para si era do seu interes presentar proposta para o subministro, por modalidade de renting, dun vehículo para servizo da policía local.

Transcurrido o prazo legalmente establecido de 10 días hábiles, solamente hai constancia de haber presentado documentación o BBVA”

A continuación polo Secretario Accidental comprobouse a documentación administrativa esixida para este subministro que viña no sobre A, considerandoa correcta.

A Alcaldía procede a abrir o sobre B no se inclúe a oferta económica-técnica ofertando un vehículo SEAT ALTEA XL DIESEL 5P CR REFERENCE ECO 105 CV, POR LO PREZO DE 48.971,52 IVE incluído, con unha cuota mensual de 1.360,32 IVE incluído, durante 36 meses, 60.000 Km/ano, con todas as condicións e accesorios recollidos nas bases.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros asistentes, acorda:

- a) Adxudicar provisoriamente o subministro deste vehículo nas condicións expostas
- b) Requerir o adxudicatario para que no prazo de 15 días hábiles contados dende a publicación do anuncio de adxudicación provisoria no perfil do contratante presente garantía definitiva por importe de 5% do prezo de adxudicación (IVE excluído), en calquera das formas previstas no artigo 84 da LCSP, así como a documentación que se recolle nos apartados 15.1, 15.1.1., 15.1.2., 15.2 do prego de cláusulas administrativas.
- c) Publicar o anuncio de adxudicación provisional no perfil do contratante
- d) Imputar o gasto por importe de 48.971,52 IVE incluído con cargo a partida do presuposto vixente 1320.20400

10.- ADXUDICACIÓN DA OBRA “OBRAS COMPLEMENTARIAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA A ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA”.

En agosto de 2010 elaborouse Proxecto básico e de execución para a obra “Obras complementarias de acondicionamento de local para a escola municipal de música” redactado polo arquitecto D. Javier Rial Lemos, que conta cun importe de execución por contrata de CINCOENTA E DOUS MIL SEISCENTOS CORENTA E TRES EUROS CON UN CENTIMO, IVE incluído (52.643,01 EUROS) (44.612,72 € + 8.030,29 € de IVE).

Para a realización do obxecto do contrato solicitouse oferta á empresa PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, recibíndose oferta da mesma de data 3 de setembro de 2010, Nº de rexistro de entrada 7.007.

Á oferta presenta as seguintes condicións: PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS: Prezo: CINCOENTA E DOUS MIL DOUSCENTOS CORENTA E NOVE EUROS CON VINTEOITO CENTIMOS, IVE incluído (52.249,28 euros) (44.279,05 € + 7.970,23 € de IVE). Prazo de execución: Dous meses.

O contrato que se pretende adxudicar, en atención á súa contía, pode cualificarse de menor, ao amparo do establecido con carácter xeral no artigo 122.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en relación co artigo 95 de dito texto legal, tendo a consideración de contrato de obra .

Pola Intervención Municipal practicouse con data 6 de setembro do 2010 a oportuna Retención de crédito con cargo á partida 3250.63201 do vixente Orzamento municipal.

Atendendo ao disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Vista a delegación de competencia da Alcaldía na Xunta de Goberno Local de data 18 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o Proxecto da Obra redactado arquitecto D. Javier Rial Lemos.

SEGUNDO.- Aprobar a Proposta de adxudicación e aprobación de gasto en relación ca contratación da obra “Obras complementarias de acondicionamento de local para a escola municipal de música.”

TERCEIRO.- Adxudicar o CONTRATO MENOR da obra “Obras complementarias de acondicionamento de local para a escola municipal de música” á empresa PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS por un importe total de 52.249,28 euros, IVE incluído, conforme ao Orzamento presentado por esta empresa e cun prazo de execución de dous meses.

CUARTO.- Aprobar o gasto con cargo á partida 3250.63201 do Orzamento de Gastos Municipal por importe de 52.249,28 euros.

QUINTO.- Que se notifique ao contratista dentro do prazo de dez días o presente acordo de adxudicación e se lle requira para que dentro dos quince días seguintes da data na que reciba esta notificación, presente o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 2.213,95 euros e se lle cite para que nos 30 días seguintes a notificación da adxudicación concorra a formaliza-lo contrato en documento administrativo.

SEXTO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro a D. Javier Rial Lemos, e responsable do contrato a D. Valentín Piñeiro Gonzalez.

11.- MODIFICADO DO PROXECTO DE CONSTRUCION DE CIRCUITOS DEPORTIVOS BIOSALUDABLES NAS AREAS NATURAIS DO CONCELLO DE MOAÑA

Dáse conta deste modificado asinado pola Directora da Obra, enxeñeira técnica agrícola Dona Silvia Vazquez Fernandez, cun total de orzamento de execución de 101.724,14 euros.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, e de conformidade co artigo 217.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, acorda iniciar expediente de modificación da obra “PROXECTO DE CONSTRUCCION DE CIRCUITOS DEPORTIVOS BIOSALUDABLES NAS AREAS NATURAIS DO CONCELLO DE MOAÑA” e conceder un prazo de tres días hábiles de audiencia ao contratista respecto da proposta de modificado da obra.

12.- AUTORIZACIÓN INSTALACIÓN CIRCO

Vista a solicitude realizada por D. David Cabo Cardinali para a instalación do Circo no Concello, no lugar de costume, os días 9, 10, 11 e 12 de setembro de 2010, á que acompaña certificado de ter pagada a prima de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento das taxas por ocupación e vía pública,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do circo os días 9, 10, 11 e 12 de setembro de 2010.

13.- RECLAMACIÓN DE D^a BEATRIZ LORENZO CORTES

D^a Beatriz Lorenzo Cortés, por escrito do 6 de agosto de 2010, expón que o luns 2 de agosto de 2010 o seu vehículo estaba estacionado nun aparcamento de Domaio, e que persoal do Concello estaba cortando a herba e rompéronlle a fiestra dianteira da parte esquerda do coche. Solicita que se lle paguen 127,45 euros polo arranxo da ventanilla, e achega copia da factura.

Visto o informe do xardineiro de data 23 de agosto de 2010, que confirma o exposto pola solicitante ao indicar que os operarios municipais facían labores de limpeza coa desbrozadora nesa zona saltou unha pedra e rompeulle a ventanilla,

Visto que é inequívoca a relación de causalidade entre o dano sufrido e o funcionamento do servizo público e que está suficientemente valorado o dano,

Visto que o importe reclamado nun supera o da franquicia que ten o seguro municipal,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda indemnizar a D^a Beatriz Lorenzo Cortés polos danos sufridos no vehículo de matrícula 3897 DCL, e así recoñecer a obriga por importe de 127,45 euros por ese concepto, con cargo á partida 9200 22623 RC 1324, para o seu posterior pagamento.

14.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

A vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
CESAREO PIÑEIRO ALVAREZ	Auga uso doméstico	Concepción Arenal, 92 – 2º B	Conexión auga..... 60 € Fianza20 €	Aparellador mun. Aqualia
CARMEN JUNCAL SOUTO	Auga e saneamento, uso doméstico	Abelendo, 14 (tanatorio parte atrás)	Conexión auga..... 60 € Fianza20 € Dº saneamento.....180 €	Aqualia Aparellador mun.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:45 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario accidental, DOU FE.